

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 15 de setembro de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con achatarramento de automóbiles antigos-Plan Remóvete.

Mediante Resolución do 15 de setembro de 2009 (DOG nº 187, do 23 de setembro) dáselle publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Igape que amplía o prazo de presentación da solicitude de cobramento para as axudas do Igape ás pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con achatarramento de automóbiles antigos-Plan Remóvete Galicia- (DOG nº 130, do 6 de xullo).

Na resolución modifícase o punto primeiro do artigo 9 das ditas bases, que amplía de tres a seis meses o prazo de presentación da solicitude de cobramento, e queda sen modificar a referencia ao prazo feita no mesmo artigo, no seu punto quinto.

Advertido o erro na referida resolución, procede facer a seguinte corrección:

Engadir a modificación do punto quinto do artigo 9 das bases reguladoras do seguinte xeito:

Artigo 9.5, onde di:

«9.5. Transcorrido o prazo de tres meses desde a notificación da concesión da axuda á entidade colaboradora sen que esta tivese presentado a solicitude de cobramento da subvención, o Igape requirirá a entidade colaboradora para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación comportará a perda do dereito ao cobramento total da subvención».

Debe dicir:

«9.5. Transcorrido o prazo de seis meses desde a notificación da concesión da axuda á entidade colaboradora sen que esta tivese presentado a solicitude de cobramento da subvención, o Igape requirirá a entidade colaboradora para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación comportará a perda do dereito ao cobramento total da subvención».

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 1 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.O. 398/2009, interposto por Antonio Rodríguez Rivas.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal

Superior de Xustiza de Galicia providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo PO 398/2009, interposto por Antonio Rodríguez Rivas, contra a Orde do 10 de febreiro de 2009 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso nas categorías 19 (titulado/a superior especialista) e 37 (titulado/a superior ambiental) do grupo I de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 1 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.A. 238/2009, interposto pola Confederación Intersindical Galega.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.A. 238/2009, interposto pola Confederación Intersindical Galega, contra a Orde do 10 de febreiro de 2009 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso na categoría 41 (técnico/a ambiental) do grupo II de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia (DOG nº 37, do 23 de febreiro).

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo ao referido xulgado. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos no Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009.

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública